

SEPE

Reunión da Mesa Delegada

25/112024

No **equipo de apoio** para asesorar ás persoas que teñen deseñar a nova aplicación **NON** hai ningunha persoa que **traballe en oficina** recoñecendo expedientes

Nesta reunión asistiu o Director Xeral. A súa intervención, unha vez máis, presentou un momento idílico do SEPE onde a reforma do nivel asistencial facilita o traballo, a aplicación ALMA vai moi ben e o 80% dos subsidios estanse recoñecendo sen apenas problemas.

Tamén manifestou que a nómina de novembro vaise pagar sen problema porque todas as probas que se están facendo son exitosas.

A CIG puxo de manifesto que a aplicación parece estar en proceso de elaboración. Ten moitos faios e carencias, aumenta considerablemente o tempo necesario para resolver os expedientes e aínda non ten habilitadas moitas das súas teóricas funcionalidades.

En canto á formación facilitada, fíxose dun xeito básico, con cursos on line que poden ser bos para unha primeira toma de contacto coa aplicación e cos cambios normativos pero que son insuficientes para o desenvolvemento do traballo.

Tamén reiteramos o problema que supón traballar con distintas normativas, a falta de instrucións de aplicación da nova normativa e a inseguridade que isto provoca no persoal.

As Subdireccións de Informática e Prestacións recoñecen que co tempo que tiveron non puideron a facer máis, que houbo problemas na comunicación do funcionamento da aplicación e que están traballando a reo para solucionar todas as incidencias que xorden.

Tamén recoñeceron que **no equipo de apoio para asesorar ás persoas que teñen deseñar a nova aplicación NON** hai ningunha persoa que **traballe en oficina recoñecendo expedientes**, algo inaudito que o que se quere facer é unha aplicación que sexa a que recoñece as prestacións.

No que atinxe aos **recursos humanos**, estamos no momento con menos persoal de todo o organismo (na Galiza ese problema é menos acuciante) e a Dirección Xeral non ofreceu ningunha solución salvo contratar algúns interinos se Función Pública o autoriza.

A CIG fixo as seguintes demandas:

- Reducir o número de vacantes mediata unha OEP adicional e facendo os postos do organismo máis atractivos.
- Aumentar o número de concursos e coa inclusión de todas as prazas vacantes con independencia do tempo que leven cubertas en comisión de servizos.
- Na Galiza cubrir os postos por concurso. Hai moita xente que está traballando fora e quere volver para o seu país.

- Mellorar o cadro de persoal (RPT) cun aumento de retribucións de todos os postos.
- Ter o mesmo importe de complementos de produtividade que nas entidades xestoras.

Ademais, pedimos que a rede de oficinas estea en locais propios, algo que o Director Xeral dixo que non ía suceder.

Por último, informaron de que están comezando a traballar na simplificación da sede electrónica para facela máis accesible á cidadanía. Están recibindo moitas queixas por como funciona agora.